

RESOLUCION 300/2016 DE 21 DE XULLO DE PARALIZACIÓN DE PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS POR ESTUDIO DUN NOVO PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS NO SUBMINISTRO ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO COMPACTADOR DE RSU

O día 5 de xullo de 2016 aprobei por Resolución 255 o expediente de adquisición – subministro de vehículo compactador de RSU porque o que se usa na actualidade é moi vello e ten moitas averías

O orzamento máximo de licitación do vehículo compactador de RSU é de 149.075,63€ ( IVE engadido)

Este importe aboarase en especie e en metálico

En especie a través da entrega do camión vello, valorado na actualidade en 10.000€ e o resto ata o importe de adxudicación en metálico.

Para aboar o importe en metálico este Concello de Ponteceso solicitou á Deputación Provincial de A Coruña unha axuda por importe de 112001,08€ correspondente ao 80% de 140.001,36€, que é o prezo máximo en metálico que estén Concello de Ponteceso podería aboar pola adquisición dun camión de RSU

Atópanse incorporados ao expediente os preceptivos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, según os que se tramita un expediente de carácter ordinario, cuxa adxudicación propónse por procedemento aberto con múltiples criterios de valoración.

Consta no expediente informe xurídico de 15 de xuño de 2016.

Consta no expediente informe de Intervención de 4 de xullo de 2016

Aprobados e publicados os pregos detectei que se levou a cabo un erro no prego de prescricións técnicas por erro material derivado dun copia-pegar. Figuran marcas e modelos cando non pode ser. Este erro debe de ser solventado, aprobado o novo prego de prescricións técnicas e aberto novamente o prazo de 15 días para presentar as ofertas.

Por Resolución 297 de 20 de xullo de 2016 aprobei un novo prego de prescricións técnicas corrixido.

Pero acabo de detectar que segue habendo erros en medicións de elementos característicos do camión

Por este motivo RESOLVO:

1º.- Avocar as competencias delegadas en materia de contratación na Xunta de Goberno Local no relativo á aprobación deste expediente

2º.- Paralizar a contratación e o prazo de presentación de ofertas de expediente do subministro-adquisición de vehículo compactador de RSU, para proceder a un novo estudio do prego de prescricións técnicas. Aprobado no seu caso o novo prego, será publicado este anuncio no BOP e no perfil do contratante

3°.- Proceder á publicación desta Resolución BOP e no Perfil do contratante.

Ponteceso, 21/7/2016

O alcalde P.D. (Res 292/2016)

a secretaria